




www.usc.gal/gl/estudos/graos/ciencias-sociais-xuridicas/grao-relacions-laborais-recursos-humanos



Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos



www.usc.gal



Relacións Laborais e Recursos Humanos

O Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos ten como obxectivo a formación de expertos no ámbito do traballo e das súas relacións: Regulación legal das relacións entre traballadores e empresarios; seguridade social; organización do traballo; dirección e xestión de persoas e grupos nas organizacións, etc.

Tipo Presencial

Área Ciencias Sociais e Xurídicas

Centro Facultade de Relacións Laborais

Avda. Dr. Ángel Echeverri, s/n (Campus Vida)
15782 Santiago de Compostela

zreldeca@usc.es
Teléfonos: 881 815 125 / 881 815 126

Campus Santiago de Compostela

+info www.usc.gal/gl/centros/rlaborais

Presentación

Interuniversitario: Non

Duración: 4

Número de prazas: 90

Data de inicio: Setembro

Plan de estudos

A titulación está distribuída en catro cursos, cun total de 240 créditos que están formados por 60 créditos de formación básica, 150 de materias obrigatorias e 30 créditos optativos.

Mobilidade e prácticas

A mobilidade dos/as estudantes está regulada a través do “Regulamento de intercambios interuniversitarios”. A través do Servizo de Relacións Exteriores xestionanse programas de intercambio tanto nacionais (SICUE), como europeos (ERASMUS) e extracomunitarios (intercambios con países de América Latina ou países de fala inglesa).

A mobilidade dos estudantes realízase a partir do segundo ano de estudos na titulación, en períodos cuatrimestrais ou anuais. A selección dos candidatos lévase a cabo por unha Comisión de Selección.

A materia de prácticas en empresa, de carácter optativo, conta con 12 créditos. Co fin de facilitar a realización de prácticas por parte do alumnado da Facultade de Relacións Laborais, a USC asinou diversos convenios de colaboración con diferentes entidades públicas e privadas.

Saídas profesionais

O graduado deberá superar un programa de formación multidisciplinar (dereito, psicoloxía, organización de empresas, economía, etc.) que profundará nos coñecementos e traballará o conxunto de competencias necesarias para:

- Exercer a profesión de Graduado Social
- Diseñar e aplicar estratexias de recursos humanos.
- Intervir e asesorar en materia de organización do traballo nas organizacións.
- Asesorar, prestar apoio, mediar e emitir ditames de distinto tipo no ámbito socio laboral.

- Técnico/a de Recursos Humanos
- Técnico/a de Administración de persoal
- Orientador laboral
- Técnico/a de emprego
- Técnico/a de formación e desenvolvemento
- Técnico/a de prevención de Riscos Laborais
- Auditor/a laboral
- Asesor/a Laboral
- Graduado Social
- Axente de desenvolvemento Local
- Axente de Igualdade de Oportunidades
- Asesor/a xurídico/a
- Inspector/a de Traballo e Seguridade Social
- Administrador/a civil do Estado
- Técnico/a de Xestión da Seguridade Social
- Docente de educación secundaria.

